

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións: A e B. Só se poderá contestar a unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN A

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Define termoclastia e crioclastia (xelifración), indicando en que tipo de clima se producen.
- 1.2. Explica o proceso de formación do “karst”.
- 1.3. En relación aos procesos gravitacionais, explica en que consisten reptación e solifluxión.

2. Observa a figura adxunta e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2. 1 Indica que tipo de bordo de placa se corresponde coas imaxes A, B, C e D e cita un exemplo representativo dese tipo de bordo.
- 2. 2. Indica que tipo de litosfera se forma na figura C e o significado das frechas nesa zona.
- 2. 3. Explica que tipo bordo está representado na imaxe D e con que tipo de oróxeno se corresponde.



3. Emparella (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto).

- 1) Feldespato. 2) Grafito. 3) Fluorita. 4) Pirita. 5) Blenda. 6) Hematites. 7) Halita. 8) Casiterita. 9) Dolomita. 10) Xeso.
- A) Elementos nativos. B) Haloxenuros. C) Sulfuros e sulfosales. D) Óxidos e hidróxidos. E) Sulfatos. F) Carbonatos. G) Silicatos.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Isomorfismo – Fósil guía o fósil característico - Acuífero - Aureola de contacto

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Nunha dobra _____ os estratos máis antigos están no centro ou núcleo.
- 5.2. Os sedimentos transfórmanse en rochas sedimentarias mediante a _____.
- 5.3. Os magmas ácidos ou félsicos teñen unha porcentaxe _____ de sílice.
- 5.4. A madurez _____ dun sedimento refírese ao grao de redondeamento e á uniformidade do tamaño que presentan os clastos.
- 5.5. A ruptura dun continente comeza coa formación dun _____ continental.

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións: A e B. Só se poderá contestar a unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN B

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Dadas as seguintes formas do modelado litoral, descríbeseas e sinala cales son debidas a procesos de erosión e cales a sedimentación: rasa, frecha, marisma, delta e farallón.
- 1.2. Describe os procesos de meteorización química nos que intervén a auga.
- 1.3. Describe as propiedades de textura e estrutura do solo.

2. Observa a figura adxunta e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Indica os tipos de contactos entre 3 e 1, 1 e 6, 6 e 5, 4 e 5. Explica a que se debe o emprazamento do material 4 nese lugar.
- 2.2. Nomea e ordena cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os acontecementos xeolóxicos.
- 2.3. Explica a particular morfoloxía do material 5. Indica para este material se os sedimentos situados nunha cota máis alta no val son máis novos ou máis antigos que os situados en cotas inferiores.



1- Lousa con abundantes *Calamites*. 2- Aureola de metamorfismo. 3- Calcarias e dolomías con *Fusulina*.
4- Pórfido cuarcífero. 5. Gravas e areas con restos de cerámica. 6- Conglomerados do Pérmico

3. Emparella (na folia de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda. Unha letra pode corresponder a máis dun número (1 punto):

- 1) Dorsal oceánica. 2) Arco illa. 3) Zona de subducción. 4) Plano de Benioff. 5) Fallas transformantes. 6) Rift. 7) Fallas directas. 8) Prisma de acreción. 9) Fosa oceánica. 10) Fallas inversas.
- A) Límite diverxente. B) Límite converxente. C) Límite conservativo

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Metasomatismo - Corrente de convección – Polimorfismo - Supercontinente

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. A descompresión provoca a aparición de fracturas no granito, denominadas _____.
- 5.2. Un _____ é un corpo intrusivo tabular formado polo recheo das fracturas que atravesan as rochas encaixantes.
- 5.3. O Macizo Ibérico está formado por materiais afectados pola Oroxenia _____.
- 5.4. No metamorfismo de contacto o factor físico máis importante é a _____.
- 5.5. Nunha dobra _____ os estratos máis recentes están no centro ou núcleo.

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións A e B. Só se poderá contestar unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.

OPCIÓN A

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Describe os procesos de meteorización química nos que intervén a auga.
- 1.2. Realiza un esquema do perfil do solo, definindo os principais horizontes.
- 1.3. Compara as formas de transporte e as características dos sedimentos que se orixinan no medio fluvial e no medio glaciar.

2. Observa a figura adxunta e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Indica que tipo de límites se establecen entre as placas tectónicas que corta a liña A – B.
- 2.2. Indica onde se localizan os hipocentros ou focos sísmicos máis profundos e por que.
- 2.3. En que zonas da recta A – B se produce magmatismo e cales son as causas deste?



3. Emparella (na folia de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto):

- 1) Entre 45 %-55 % de sílice. 2) Máis do 65 % de sílice. 3) Orixina basaltos. 4) Orixina gabros. 5) Orixina granitos. 6) Orixina riolitas. 7) É moi viscoso. 8) É moi fluído. 9) Alcanza facilmente a superficie terrestre. 10) Xeralmente solidifica no interior da codia terrestre.
- A) Magma básico. B) Magma ácido.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Anticlinal - Mena - Xistosidade - Facies metamórfica

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Nunha erupción volcánica poden desprenderse tres tipos de produtos: gases, lava e _____.
- 5.2. No metamorfismo de contacto o factor físico máis importante é a _____.
- 5.3. A unidade estrutural básica dos silicatos vén dada por un átomo de silicio central, unido a catro átomos de osíxeno que ocupan os vértices dun _____ imaxinario.
- 5.4. A _____ é a resistencia que opoñen os minerais a ser raiados.
- 5.5. A infiltración de auga no terreo depende da porosidade e _____.

XEOLOXÍA

Instrucións: a proba componse de dúas opcións A e B. Só se poderá contestar unha das dúas opcións, desenvolvendo integramente o seu contido.


OPCIÓN B

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas coa tectónica de placas (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica en qué consiste a teoría da deriva continental.
- 1.2. Define placa litosférica.
- 1.3. Explica en qué consiste o plano de Benioff.

2. Observa a figura adxunta e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Indica os tipos de contactos entre 5 e 6, 1 e 5, 2 e 5. Sinala o tipo de falla, razoando a túa resposta.
- 2.2. Nomea e ordena cronoloxicamente, do máis antigo a máis moderno, os acontecementos xeolóxicos.
- 2.3. Indica que oroxenia é a responsable da deformación que afecta aos materiais 2 e 3, e cal aos materiais 5 e 6.



Leyenda: 1- Gneises precámbricos. 2- Calizas con *Fusulina*. 3- Conglomerados y arenas con restos de flora pérmica. 4- Andesitas. 5- Arenas con pisadas de Dinosaurios. 6- Calizas con *Hildoceras*.

- 1- Gneises precámbricos. 2- Calcarias con *Fusulina*. 3- Conglomerados e areas con restos de flora pérmica.
- 4- Andesitas. 5- Areas con pegadas de dinosaurios. 6- Calcarias con *Hildoceras*.

3. Emparella (na folia de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto):

- 1) Lignito. 2) Pegmatita. 3) Brecha. 4) Caliza. 5) Marga. 6) Gneis. 7) Gabro. 8) Cuarzita. 9) Basalto. 10) Andesita.
- A) Rochas ígneas ou magmáticas. B) Rochas sedimentarias. C) Rochas metamórficas.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Hidrólise – Karst – Epicentro - Acuífero

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Os minerais da clase _____ pódense recoñecer porque ao botarlles ácido clorhídrico reaccionan producindo efervescencia.
- 5.2. Unha areísca rica en cuarzo sometida a metamorfismo transfórmase nunha _____.
- 5.3. A fórmula FeS₂ corresponde ao mineral _____.
- 5.4. Os _____ son as rochas magmáticas extrusivas que forman a parte superior da codia oceánica.
- 5.5. A erosión _____ dá lugar a vales con forma de artesa.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2017
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOLOXÍA
(Cód. 25)

OPCIÓN A

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos(1 punto por cuestión).

- 1.1. Máx. 1 pto: Definición correcta dos dous termos: 0,5 ptos; asignación correcta do clima: 0,5 ptos.
- 1.2. Máx. 1 pto.: Definición correcta do termo e tipos de rochas afectadas: 0, 25 ptos; explicación da reacción de carbonatación: 0,25 ptos; morfoloxías características: 0,50 ptos se se citan e explican polo menos 5.
- 1.3. Máx. 1 pto: 0,5 ptos por definición correcta de cada un dos termos.

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

2. 1. Máx. 1 pto: 0, 25 puntos por identificar correctamente cada tipo de bordo; 0,13 ptos por cada tipo, se so se fai a identificación ou o exemplo, para cada tipo.
2. 2. Máx. 1 pto: 0,5 ptos. pola identificación correcta do tipo de litosfera e rochas que a constitúen; 0,5 ptos pola identificación do proceso de expansión do fondo oceánico.
2. 3. Máx. 1 pto: valorarase con 0,25 ptos a identificación correcta do tipo de bordo e con 0,75 ptos a identificación e descrición correcta dun oróxeno intercontinental ou alpino.

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,1 ptos por cada emparellamento correcto).

1-G, 2-A, 3-B, 4-C, 5-C, 6-D, 7-B, 8-D, 9-F, 10-E.

4. A resposta correcta valorarase cun máximo de 2 puntos (0,5 ptos/definición completa).

5. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,2 ptos/frase correctamente completada).

OPCIÓN B

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos(1 punto por cuestión):

- 1.1. Máx. 1 pto.: 0,1 ptos por cada descrición correcta de cada un dos cinco termos e 0,1 por cada relación correcta con erosión ou sedimentación.
- 1.2. Máx. 1 pto.: 0,25 ptos por proceso correctamente descrito (nunha resposta completa deberíanse considerar as reaccións de disolución, hidratación, hidrólise e carbonatación).
1. 3. Máx. 1 pto.: 0,5 ptos por descrición correcta e completa de cada unha das propiedades do solo.

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos(1 punto por cuestión):

- 2.1. Máx. 1 pto.: 0,20 ptos por contacto correctamente identificado. 0,20 pola xustificación correcta do emprazamento.
- 2.2. Máx. 1 pto.: 1 pto. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 0,75 se hai un erro; 0,25 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no ordenamento; réstase 0,15 no cas da omisión dun episodio de erosión e 0,30 pola omisión dos dous episodios de erosión.
- 2.3. Máx. 1 pto. se a explicación é correcta.

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,1 punto por cada emparellamento correcto):

1-A, 2-B, 3-B, 4-B, 5-C, 6-A, 7-A, 8-B, 9-B, 10-B.

4. A resposta correcta valorarase con un máximo de 1 punto (0,5 puntos/definición correcta):

5. A resposta correcta valorarase con un máximo de 1 punto(0,2 puntos/frase correcta):

ABAU
CONVOCATORIA DE
SETEMBRO
Ano 2017
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOLOXÍA
(Cód. 25)

OPCIÓN A

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

1.1. Máx. 1 pto pola descrición de todos os procesos de meteorización química nos que intervén a auga: hidratación, disolución e hidrólise (0,33 pola descrición correcta de cada un deles).

1.2. Máx. 1 pto.: 0,5 ptos. pola realización dun esquema de perfil dun solo, indicando correctamente a ubicación de cando menos os horizontes A, B e C. 0,5 ptos. pola descrición correcta de cando menos os horizontes A, B e C.

1.3. Máx. 1 pto: 0,5 ptos por descrición completa das formas de transporte pola auga e o xeio; 0,5 ptos. por describir de xeito comparativo as características (selección de tamaños, redondez, madurez mineralóxica, morfoloxía dos depósitos) dos sedimentos formados en ambiente fluvial e glacial.

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión).

2. 1. Máx. 1 pto: 0, 33 puntos por identificar correctamente cada tipo de bordo.

2. 2. Máx. 1 pto.: 0,50 ptos. por indicar correctamente a ubicación, 0,50 ptos. pola explicación correcta das causas.

2. 3. Máx. 1 pto: valorarase con 0,25 ptos a identificación correcta das zonas onde se produce magmatismo, e con 0,75 ptos a explicación da orixe do magmatismo e tipo de magmas que se orixinan en cada bordo.

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,10 ptos por cada emparellamento correcto).

1-A, 2-B, 3-A, 4-A, 5-B, 6-B, 7-B, 8-A, 9-A, 10-B.

4. A resposta correcta valorarase cun máximo de 2 puntos (0,50 ptos/definición completa).

5. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,20 ptos/frase correctamente completada).

OPCIÓN B

1. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión):

1.1. Máx. 1 pto. pola descrición da teoría da deriva continental: 0,20 ptos. por mencionar o movemento das placas litosféricas, que fai desprazarse os continentes ao longo do tempo xeolóxico; 0,20 ptos. por mencionar algunha das probas da deriva continental; 0,20 ptos. por mencionar algún supercontinente; 0,40 por describir de xeito ordeado o proceso de apertura e peche dos océanos, e a fragmentación e posterior unión dos continentes.

1.2. Máx. 1 pto. pola descrición completa das placas litosféricas.

1. 3. Máx. 1 pto. pola descrición completa da natureza do plano (0,30 ptos.), a orixe (0,30 ptos.) e os fenómenos xeolóxicos asociados (máx. 0,40 ptos.).

2. A resposta correcta valorarase cun máximo de 3 puntos (1 punto por cuestión):

2.1. Máx. 1 pto.: 0,20 ptos por cada contacto correctamente identificado; 0,40 pola correcta identificación do tipo de falla.

2.2. Máx. 1 pto.: 1 pto. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 0,75 se hai un erro; 0,25 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no ordenamento; réstase 0,15 no caso da omisión dun episodio de erosión.

2.3. Máx. 1 pto: 0,50 ptos. por cada oroxenia correctamente identificada.

ABAU
CONVOCATORIA DE
SETEMBRO
Ano 2017
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOLOXÍA
(Cód. 25)

3. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,10 punto por cada emparellamento correcto):

1-B, 2-A 3-B, 4-B, 5-B, 6-C, 7-A, 8-C, 9-A, 10-A.

4. A resposta correcta valorarase cun máximo de 2 puntos (0,5 puntos/definición correcta).

5. A resposta correcta valorarase cun máximo de 1 punto (0,2 puntos/frase correctamente completada).